



## 250 ESPECIALISTAS INTERNACIONAIS DEBATEN SOBRE OS AVANCES DE CIRURXÍA COLORRECTAL

- O servizo de Cirurxía Xeral e Dixestivo do CHUVI organizou a 29 edición das Xornadas Internacionais de Coloproctoloxía en Baiona
- Contarán coa participación da máxima autoridade mundial na materia, o doutor Steven Wexner, presidente da Asociación americana de cirurxía colorrectal
- Tratarán os últimos avances en Cancro Colorrectal, Enfermidade inflamatoria intestinal, Solo pélvico e Innovación en tecnoloxía
- Nos quirófanos do CHUVI realízanse 340 cirurxías de cancro colorrectal anuais

**Vigo, 15 de marzo 2023.** Desde hoxe e ata o próximo día 17, un total de 250 especialistas danse cita en Baiona na 29 edición das *Xornadas Internacionais de Coloproctoloxía "Enrique Casal"*, que organiza o servizo de Cirurxía Xeral e Dixestivo do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) e máis concretamente a Unidade de Coloproctoloxía.

A presidenta do comité organizador é a xefa do servizo, Raquel Sánchez, e os coordinadores son os especialistas Enrique Moncada, Vincenzo Vigorita e Alberto de San Ildefonso.

O programa científico a desenvolver xirará en torno a catro grandes temas: o Cancro Colorrectal, a Enfermidade inflamatoria intestinal, o Solo pélvico e a Innovación en tecnoloxía.

Para isto contarán coa presenza de grandes expertos internacionais, entre eles cabe subliñar ao doutor Steven Wexner, presidente da Asociación americana de cirurxía colorrectal, e considerado unha das máximas autoridades na materia; así como o especialista belga André D'Hoore, primeira figura internacional en solo pélvico.



Segundo afirma o doutor Moncada "este encontro científico xa se consolidou como o segundo en importancia a nivel internacional, de obrigada asistencia para a maioría dos cirurxiáns colorrectais. Ademais das patoloxías máis habituais, este ano o outro foco de interese céntrase na tecnoloxía, que cada vez está máis presente na nosa actividade, como a inmunofluorescencia intraoperatoria, as impresións 3D, ou mesmo a cirurxía robótica da Vinci."



### **340 cirurxías anuais de cancro colorrectal**

O cancro colorrectal é o principal obxecto dos relatorios. Nestes momentos, no CHUVI realízanse ao redor de 340 cirurxías de cancro colorrectal anuais.

A Unidade de Coloproctoloxía do complexo hospitalario vigués conta con 11 facultativos especialistas e realiza cirurxías tanto no Hospital Álvaro Cunqueiro como no Meixoeiro, dependendo da complexidade de cada unha delas.

No Hospital do Meixoeiro lévanse a cabo cirurxías ambulatorias ou de curta estancia postoperatoria, mentres que no Álvaro Cunqueiro realízanse as máis complexas, a maioría delas oncolóxicas.

Esta Unidade cumpre os máis altos estándares de calidade, o que lle valeu a acreditación en nivel avanzado pola *Sociedad Española de Coloproctología*. Isto a converte nun referente nacional nas patoloxías de colon, recto e ano.